



O teu planeta **necesítate!**

**UNid@s contra
o cambio climático**



DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE, 5 DE XUÑO 2009

Manifesto

O MEDIO AMBIENTE NECESÍTATE: UNID@S CONTRA A CRISE E O CAMBIO CLIMÁTICO

A actual crise económica evidencia a necesidade de buscar un novo modelo de desenvolvemento no que primen os criterios de xustiza: xustiza social no reparto da riqueza e xustiza ambiental para a conservación do noso patrimonio natural. As perniciosas consecuencias do actual sistema capitalista, que veñen sendo denunciadas dende hai anos polos diversos movementos sociais, teñen unha forte compoñente ambiental. Ao cambio climático global hai que engadir a deterioración dos hábitats e a sobreexplotación dos recursos naturais por riba da súa taxa de reposición, colocando a moitos ecosistemas ao borde do colapso. As organizacións ecoloxistas levamos anos advertindo das consecuencias das políticas irracionais e insustentábeis emanadas do capitalismo salvaxe e baseadas no crecemento económico sen fin. Desgrazadamente, xa non hai tempo para lairse: cómpre actuar xa para mudar o rumbo da nosa sociedade, e deixar de poñer parches a un sistema que xa amosou o seu fracaso.

Na loita contra esta crise ambiental de dimensións planetarias, ninguén pode ficar á marxe. Debemos artellar propostas comezando dende o eido local para conquistar reducir os efectos perniciosos do cambio climático, e diminuír a nosa pegada ecolóxica e frear a deterioración dos recursos naturais e a perda da biodiversidade e doutros valores ambientais. Todos e todas debemos reaxir e asumir estes obxectivos, comezando por esixir ás administracións unha mudanza substancial das políticas públicas para incorporar criterios e indicadores de sustentabilidade, con compromisos reais cuantificábeis e temporalizados. Cómpre tamén integrar transversalmente un novo enfoque sustentábel nas políticas sectoriais, máis aló da política ambiental para evitar que, outra volta, sexa a natureza a que acabe pagando as consecuencias da crise.

Queremos advertir tamén do perigo de que nos vindeiros anos, a integración da sustentabilidade nas políticas sectoriais pase a un segundo plano en aras da “dinamización económica”. A loita contra o desemprego non debe facer esquecer o impacto das actividades económicas no ambiente. Ben ao contrario: debe afortalar as oportunidades de emprego baseadas na xestión sustentábel dos recursos e a conservación dos valores naturais herdados: os montes, as costas, os ríos, a diversidade natural e cultural, etc. debendo este enfoque sustentábel formar parte dtamén das reivindicacións laborais e negociacións colectivas.

A cidadanía e as organizacións sociais temos tamén a responsabilidade de facer o posíbel por corrixir a profunda insustentabilidade do noso modelo económico. Debemos asumir un compromiso persoal e social para acadar unha mudanza radical na nosa relación coa Terra, comezando polo noso fogar, familia, traballo... Cun pequeno esforzo podemos escoller alternativas máis respectuosas co medio, máis solidarias e socialmente xustas.

Sabemos que o sector enerxético é o responsábel da maior parte das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEIs), causantes do cambio climático. Debemos pois tentar diminuir o noso consumo de enerxía, comprometernos co aforro e millorar a eficiencia reducindo as perdas por transporte, pulando que o noso país acade a suficiencia enerxética e desbote os modelos especulativos que levan a enerxía fóra, privatizando os beneficios e socializando os custos económicos e ambientais. Apostamos polas enerxías renovábeis, máis non a calquera prezo: esiximos que se desenvolvan con respecto polo territorio e as súas xentes, procurando a mínima afección ambiental e os máximos beneficios sociais.

Sabemos que o urbanismo salvaxe e especulativo provoca a perda de hábitats naturais e a deterioración da paisaxe, maior contaminación e desbaldimento enerxético, desequilibrios territoriais, diminución dos espazos de uso público, despoboamento... e todo para beneficio duns poucos, mentres a maioría segue con dificultades para acceder a unha vivenda digna, apesar das miles construídas. A especulación urbanística está detrás dunha crise económica e financeira que quere solucionarse desviando cartos públicos cara os que fomentaron a actual desfeita. Non queremos que os recursos das administracións rematen nos petos dos banqueiros para tapar os buracos que eles fomentaron, especulando cun dereito fundamental como é o dunha vivenda digna.

Sabemos tamén que o actual modelo de transporte, baseado nas grandes infraestruturas e o uso masivo do automóbil, contribúe substancialmente ao cambio climático, fragmenta o territorio e afonda nas desigualdades sociais. Resulta chave pois promover a intermodalidade e o uso masivo de transportes menos contaminantes e máis xustos socialmente, quer o tren de proximidade, así como pular pola investigación e fabricación de transportes ecolóxicos e sustentábeis. Por iso esiximos que se fomente unha mobilidade baseada no transporte público, centrada no ferrocarril de proximidade que tamén é o medio de transporte máis barato e ecolóxico para as mercadorias.

Sabemos que o medio rural é a maior extensión de natureza do noso país. Sen produción agrogandeira e forestal, sen labregos e labregas, o noso medio rural non pode cumprir o seu papel protector do ambiente. No entanto, as políticas agrarias impulsoras de modelos baseados no produtivismo, na intensificación, os monocultivos, a introdución de variedades foráneas, o uso de masivo de químicos e agora os transxénicos, levaronnos a unha agricultura industrial dependente en enerxía e insumos. Oriéntase á opinión pública na preocupación polo cambio climático furtando a reflexión sobre modelo produtivo agro-industrial, que é unha das causas da crise ambiental global, particularmente polo seu intenso consumo de enerxía. Deste xeito, os intereses especulativos afortalan e amplían o seu control sobre o noso agro, desprazando a produción labrega de alimentos. A estratexia de destrución do agro deriva nunha agricultura sen persoas, afectando tamén a toda a sociedade. A crise climática debe obrigar a mudar as políticas agrícolas, comerciais e enerxéticas, reorientándoas cara a produción sustentábel fronte á especulación.

Sabemos que este modelo industrial de produción e consumo é fondamente destrutivo e insustentábel. Debemos ter, portanto, unha actitude responsábel no xeito de consumir produtos e alimentos. A Soberanía Alimentar, o dereito dos pobos a decidir as súas políticas agrarias e alimentares, implica empregar os recursos locais e reorientar a produción cara os mercados de proximidade, adoptando estratexias para manter ás persoas no agro en lugar de expulsalas. Como consumidores/as, apostamos por unha produción baseada na terra, nos produtos autóctonos e na calidade fronte á cantidade. Os produtos ecolóxicos e do país contribúen manter o equilibrio entre conservación e o aproveitamento. Reclamamos o dereito a producir do noso agro e a nosa Soberanía Alimentar fronte ás transnacionais dos agroquímicos e transxénicos, que pretenden dicirnos que cultivar e que comer e condénannos á dependencia exterior. Reclamamos a remuneración digna de labregas e labregos para frear o despoboamento, invertir o envellecemento e contribuir a manter a función ecolóxica secular do agro.

Sabemos que o mar e o litoral tamén están a sufrir as consecuencias da mudanza climática e da explotación especulativa e salvaxe. Moitos ecosistemas mariños, incluídas as nosas rías, están a piques do colapso pola destrución do medio, a contaminación e a sobreexplotación. As alternativas non pasan por esquilmar outros mares para dar de comer aos peixes cultivados en terra nas piscifactorías, senón por apostar por unha explotación (pesca, marisqueo e acuicultura) sustentábel, pola a recuperación dos recursos, a preservación dos hábitats e o apoio ao sector artesanal, máis sustentábel e xerador de emprego. Queremos que a administración galega protexa dunha vez a riqueza biolóxica e o potencial económico das nosas rías, apostando polo sector extractivo tradicional, as nosas xentes e a cultura do mar, en troques de importar modelos alleos e seguir permitindo a contaminación e a degradación do litoral. Queremos tamén que se poñan en marcha planos de recuperación para as especies mariñas ameazadas e se incorporen novas áreas mariñas protexidas, como garantía para o futuro.

Neste Día Mundial do Medio Ambiente, a cidadanía e as organizacións asinantes deste manifesto comprometémonos, dentro dos nosos eidos de actuación, a poñer en marcha e seguir desenvolvendo iniciativas contra a crise ambiental na que nos atopamos. Os programas, medidas e políticas para facer fronte ao desafío global do cambio climático están moi claras. Nós estamos a cumprir, agora tócalles as administracións estar á altura deste desafío.

Compostela, xuño de 2009

Asinan:

ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza)

Asociación pola Protección Animal ABEIRO

Asociación de veciños A PERGOLIÑA de Camelle

AELG (Asociación de Escritores en Língua Galega)

ANABAM (Asociación Naturalista do Baixo Miño)

BNG (Bloque Nacionalista Galego)

CEMMA (Coordenadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños)

CIG (Confederación Intersindical Galega)

FEG (Federación Ecoloxista Galega)

Grupo Naturalista HÁBITAT

Plataforma Medioambiental de Corrubedo

Plataforma pola Defensa do Patrimonio de Quilmas

SLG (Sindicato Labrego Galego)

TURMALINA Asociación de Actividades Bioculturais